



Instrución da Comisión de Goberno do Consello de Contas sobre a provisión temporal mediante comisión de servizos de postos de persoal funcionario incluídos na Relación de Postos de Traballo.

Consonte co artigo 17.1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia “o persoal que preste servizos no Consello de Contas rexerese pola lexislación reguladora do emprego público de Galicia, sen prexuízo das normas específicas que lle sexan de aplicación”. En idénticos termos exprésase o artigo 71.2 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Mesa do Parlamento de Galicia o 23 de febreiro de 2017.

A normativa de referencia está integrada polo artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; o artigo 6 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna e o artigo 4 do Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 96.1 da Lei 2/2015 establece baixo a rúbrica Comisión de servizos voluntaria que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira poden proverse excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria, entre outros, nos seguintes casos:

- a) Cando os postos estean vacantes, mentres no se proceda á súa provisión definitiva.
- b) Cando os postos estean suxeitos a reserva legal da persoa titular destes, incluídos os casos nos que o persoal funcionario de carreira sexa autorizado para realizar unha misión por período non superior a seis meses en programas de cooperación internacional.

Consonte coa alínea 2 do dito artigo, para o desempeño dun posto de traballo en comisión de servizos voluntaria, o persoal funcionario deberá pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.



Finalmente a aliña 3 remite á determinación dos requisitos, a duración e o procedemento para a concesión das comisións de servizos a unha posterior disposición regulamentaria.

En tanto non se dite ese regulamento continúan sendo de aplicación os regulamentos de desenvolvemento da derogada Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia en canto non contradigan a lei 2/2015.

O artigo 4.2 a) do Decreto 92/1991 prevé que cando un posto quede vacante – caso do artigo 96.1 a) da Lei – poderá ser cuberto, en caso de urxente e inaprazable necesidade, en comisión de servizos, durante o prazo máximo dun ano, ou ata a resolución do seguinte concurso, no suposto de que este se resolva antes da finalización do dito prazo, con outra persoa funcionaria que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño nas relacións de postos de traballo.

Segundo a aliña 5 do mesmo artigo, o posto de traballo cuberto en comisión de servizos será incluído necesariamente na seguinte convocatoria de provisión polo sistema que corresponda. Se o posto continúa vacante, poderá prorrogarse a comisión de servizo ata un ano máis ou ata a resolución do seguinte concurso, no suposto de que este se resolva antes da finalización do dito prazo.

Idéntica regulación da comisión de servizos en postos vacantes ofrece a esta Institución o artigo 6.1 e 2 do Decreto 93/1991.

A ausencia de regulación autonómica adaptada á natureza colexiada dos órganos do Consello de Contas, no que a competencia para o nomeamento do persoal está atribuída á Comisión de Goberno polo artigo 9.2C) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia e 12.c) do Regulamento de Réxime Interior do 23 de febreiro, aconsella o ditado da presente instrución.



Polo exposto, a Comisión do Goberno do Consello de Contas,

ACORDA:

PRIMEIRA.- Postos cuxo sistema de provisión sexa o concurso específico

1. Os postos vacantes cuxo sistema de provisión sexa o concurso específico poderán ser provistos en comisión de servizos durante o prazo máximo dun ano, ou ata a resolución do seguinte concurso no suposto de que este se resolverse antes da finalización do dito prazo.

O posto de traballo cuberto en comisión de servizos será incluído necesariamente na seguinte convocatoria de provisión polo sistema que corresponda. Se o posto continúa vacante, poderá prorrogarse a comisión de servizo ata un ano máis ou ata a resolución do seguinte concurso, no suposto de que este se resolva antes da finalización do dito prazo.

2. Os postos suxeitos a reserva legal da persoa titular cuxa forma de provisión sexa o concurso específico poderán ser provistos en comisión de servizos durante o prazo máximo dun ano, ou ata a reincorporación do titular no suposto de que esta tivese lugar antes do transcurso do dito prazo.

Se vencido o prazo o posto continúa vacante, a comisión de servizo poderá prorrogarse sen suxeición ao prazo máximo establecido no apartado anterior.

SEGUNDA.- Postos cuxo sistema de provisión sexa a libre designación

1. Os postos vacantes cuxo sistema de provisión sexa a libre designación poderán ser provistos en comisión de servizos ata a resolución da convocatoria, que deberá ditarse no prazo máximo de seis meses.

Se a convocatoria quedase deserta deberá convocarse novamente no prazo de dez días. De quedar deserta a segunda convocatoria non poderá proveerse o posto en comisión de servizos ata que transcorran seis meses.

2. Os postos suxeitos a reserva legal da persoa titular cuxa forma de provisión sexa a libre designación poderán ser provistos en comisión de servizos sen suxeición ao prazo máximo establecido no apartado anterior.



TERCEIRA.- Procedemento común para a provisión de postos en comisión de servizos

1. Iniciación.

1. O procedemento de provisión iniciarase mediante proposta asinada polo conselleiro ou conselleira da área á que estea adscrito o posto ou polo conselleiro ou conselleira maior se estivese adscrito á Secretaría Xeral. Na proposta xustificárase a concorrencia dos requisitos de urxencia e necesidade de provisión temporal do posto.
2. A proposta remitirase á Secretaría Xeral para a súa tramitación e fiscalización polo órgano de control interno de xestión económico-financeira.
- 3.- Concluído o trámite anterior a Secretaría Xeral remitirá o expediente ao presidente ou presidenta da Comisión de Goberno para a súa inclusión na orde do día da seguinte sesión.

2. Convocatoria.

1. A Comisión de Goberno acordará, se procede, a convocatoria do posto, que expresará os requisitos esixidos para o desempeño, os méritos específicos e o prazo de presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a cinco días.
2. A convocatoria publicarase no portal de transparencia do Consello de Contas.

3. Presentación de solicitudes.

As persoas interesadas presentarán as solicitudes no modelo anexo dentro do prazo que se determine na convocatoria xunto coa documentación, orixinal ou copia auténtica, que xustifique a concorrencia dos requisitos e a posesión dos méritos alegados. Das solicitudes presentadas darase traslado aos conselleiros e conselleiras que integren a Comisión de Goberno.

4. Proposta de nomeamento.

1. O conselleiro ou conselleira da área á que estea adscrito o posto ou o conselleiro ou conselleira maior se o estivese á Secretaría Xeral redactará un informe-proposta no que consten as características do posto, os criterios prioritarios para decidir o nomeamento e a



maior concorrencia de méritos na persoa seleccionada en relación cos restantes candidatos.

2. A proposta de nomeamento remitirase á Secretaría Xeral para a súa tramitación e fiscalización polo órgano de control interno de xestión económico-financeira.

3. Concluído o trámite anterior a Secretaría Xeral remitirá o expediente ao presidente ou presidenta da Comisión de Goberno para a súa inclusión na orde do día da seguinte sesión.

5. Resolución

1. A Comisión de Goberno acordará a adxudicación do posto á persoa funcionaria que reúna máis méritos que os restantes candidatos. Non obstante, se ningunha das persoas solicitantes presentase méritos suficientes para o desenvolvemento do posto, a convocatoria poderá declararse deserta. O acordo de adxudicación expresará os datos de identificación persoal e profesional do adxudicatario (corpo ou escala, subgrupo, e Administración de destino) e a duración da comisión.

2. Se a persoa seleccionada non desempeña posto do Consello de Contas con carácter definitivo, no acordo de adxudicación facultarase ao conselleiro ou conselleira maior para solicitar a autorización da Administración á que pertenza.

3. A adxudicación publicarase no portal de transparencia do Consello de Contas.

CUARTA.- Prórroga da comisión de servizos en postos provistos por concurso específico.

1. O conselleiro ou conselleira da área á que estea adscrito o posto ou o conselleiro ou conselleira maior se o estivese á Secretaría Xeral redactará un informe-proposta no que se xustifique o mantemento da provisión temporal do posto.

2. Á proposta de prórroga seralle de aplicación o disposto nos números 2 e 3 do apartado 4 e nos números 2 e 3 do apartado 5 da instrución terceira.



Consello de Contas de Galicia

QUINTA.- Autorización e compromiso do gasto.

A competencia para autorizar o gasto derivado do acordo de convocatoria dun posto en comisión de servizos e para adquirir o compromiso de gasto derivado do nomeamento da persoa seleccionada corresponde á Comisión de Goberno.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Prórroga de comisións de servizos ata a resolución do primeiro concurso específico.

En tanto non se resolva o primeiro concurso específico, a prórroga da comisión de servizos en postos vacantes cuxa provisión deba realizarse por este sistema de provisión non estará suxeita á limitación temporal prevista no apartado 1 da instrución primeira.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019



Anexo

SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS E NOME		
NRP	CORPO/ESCALA	SUBGRUPO
ENDEREZO		
CONCELLO	CP	TELÉFONO

DESTINO ACTUAL

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
UNIDADE ADMINISTRATIVA	
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	NIVEL

EXPOÑO

Que tiven coñecemento do anuncio polo que se lle deu publicidade á cobertura, mediante comisión de servizos, do posto:	
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA	
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	
NÚMERO DO POSTO DE TRABALLO NA RPT	NIVEL

SOLICITO

Se teña en consideración a miña solicitude para a cobertura temporal do posto de traballo que se pretende ocupar en comisión de servizos.

A esta solicitude, engádense os seguintes documentos:

1
2
3

LUGAR
DATA
SINATURA DO SOLICITANTE

- Autorizo o tratamento dos meus datos de carácter persoal coa finalidade recollida no tratamento de Xestión de recursos humanos do RAT do Consello de Contas de Galicia.
A descrición da actividade, base legal, finalidade, usos, conservación, transferencia, dereitos e exercicio dos mesmos están á súa disposición na dirección de internet <http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/transparencia/proteccion-datos>

CONSELLEIRO MAIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA